
A HISTORIA DOS BONOBOS CON LENTES

Texto de **ADELA TURÍN**

Ilustracións de **NELLA BOSNIA**

Tradución de **G. TOLENTINO**

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 15 €.

A historia dos bonobos con lentes (galego)
ISBN 978-84-8464-832-1. Tras os montes.

La historia de los bonobos con gafas (castelán)
ISBN 978-84-8464-831-4. Libros para soñar.

La història dels bonobos amb ulleres (catalán)
ISBN 978-84-8464-833-8. Kalandraka.

Bonobo betaurrekodunen eglazko historia (éuskaro)
ISBN 978-84-7681-848-0. Kalandraka-Pamiela.

A história dos bonobos com óculos (portugués)
ISBN 978-989-749-009-5. Livros para sonhar.

*Hai moitos, moitos anos, os bonobos vivían nuha fraga.
Estaban sempre moi ocupados mascando froitas e bañas,
noces e sementes, raíces e brotes, que as bonobas
recollían durante todo o día para eles
e para os bonobiños e as bonobiñas...*


Hai máis de trinta anos, Adela Turín comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine», que ao pouco tempo foi editada en España por Esther Tusquets co título «A favor de las niñas». Converteuse axiña nunha serie de referencia para a coeducación e para a igualdade, e foi traducida a varias linguas. A pesar do tempo transcorrido, na actualidade estes libros teñen plena vixencia e seguen sendo necesarios.

Bonobos e bonobas tiñan un estatus moi desigual na fraga onde vivían todos xuntos. Eles comían o que elas recolectaban; eles viaxaban, aprendían e modernizábanse pero non aceptaban que elas tamén evolucionaran e burlábanse do seu aspecto. Tiñan a errónea teoría de que a educación e o progreso do grupo enteiro era prexudicial; ata que as bonobas cansaron de aturar ese comportamento tan egoísta.

Unha historia fabulada que -como “Artur e Clementina”, “Rosa caramelo” e “Unha feliz catástrofe”- pretende pór en valor o rol feminino na sociedade, erradicar os estereotipos sexistas e a discriminación, para cambiar mentalidades e construír un mundo mellor.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** relacións humanas.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** coeducación, igualdade, liberdade; contra os estereotipos sexistas; da autora e da ilustradora de “Artur e Clementina”, “Rosa caramelo” e “Unha feliz catástrofe” (Kalandraka).

Adela Turín

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero dende a familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles», que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e promove a sensibilización do sector editorial, as institucións e o público. Na actualidade dedícase a ler, viaxar, escribir artigos e impartir conferencias.

Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou Arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascete, onde coincidiu con Adela Turín, coa que fundou a colección de libros «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora ten colaborado con editoriais de Italia e Francia.

